



Burela, 7 de novembro de 2018

## ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS E PAIS NO CONSELLO ESCOLAR DO CENTRO

O **Consello Escolar** é o principal instrumento a través do cal a comunidade educativa participa na toma de decisión, acordos e na xestión do centro.

A Xunta Electoral do centro, encargada da elaboración do calendario electoral, dispuxo como data de votación o **Luns 26 de novembro de 17:00 a 19:00 horas** para o sector de nais e pais do alumnado. **A presentación de candidaturas realizarase na Secretaría ou Dirección do centro polas mañás dende o venres 9 ata o último día que será o venres 16 de novembro (ás 14:00 horas).**

Tendo en conta a importancia do **CONSELLO ESCOLAR**, contribuíndo á mellora da educación tomando como principio que a educación é responsabilidade de todos é polo que dende esta Xunta Electoral invitamos a todas as nais e pais a participar activamente neste órgano colexiado. Rogamos aos interesados que presenten a súa candidatura según modelo adxunto para poder entregala no prazo establecido e no horario de atención ao público por parte do equipo directivo. *Pódese consultar o censo electoral e a convocatoria nos taboleiros de anuncios dos dous edificios deste colexio así como na Páxina Web do noso centro: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvistaalegre/>*

A Xunta Electoral aproveita a ocasión para saudalos atentamente e agradecer a súa participación. Quedamos a súa disposición para aclarar calquera tipo de dúbida.



A presidenta da Xunta Electoral: *Gema Cillero García*



### MODELO DE CANDIDATURA DE PAIS E NAIS DO ALUMNADO

Segundo o establecido no Decreto 92/1988, do 28 de abril, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se regulan aos órganos de goberno dos centros públicos de ensinanza non universitarios (DOG do 29), modificado polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto) e pola **RESOLUCIÓN do 25 de setembro de 2018 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos.**

D./D<sup>a</sup> .....,  
 con D.N.I. núm. ...., domiciliado na rúa .....,  
 ....., nº ....., teléfono ..... de Burela,  
 na súa condición de ..... do alumno/a.....  
 dese Colexio Público, e inscrito no censo electoral, polo presente escrito,

**MANIFESTA** que está disposto/a a asumir a representación das nais e pais do alumnado no **CONSELLO ESCOLAR do CEIP Plurilingüe VISTA ALEGRE** se para iso é elixido/a nas votacións a realizar o **día 26 de novembro de 2018**, sendo polo que presenta a súa candidatura.

Burela, a ..... de novembro de 2018  
 O pai, Nai ou Titor legal,

Asdo.: .....

**Sra Presidenta do Consello Escolar do CEIP Plurilingüe Vista Alegre - Burela**